

PLAN DIXITAL

Ceip Plurilingüe Alexandre Bóveda

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- *Ceip Plurilingüe Alexandre Bóveda*
- *Rúa Alexandre Bóveda n.º 12 C.P.: 36320, Chapela. Pontevedra*
- *Mail: ceip.alexandre.boveda@edu.xunta.gal*
- *<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalexandreboveda>*
- *Centro de Educación Infantil e Primaria*
- *n.º alumnado: 135 alumnos*
- *n.º profesorado: 19 profesores*

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O Ceip Plurilingüe Alexandre Bóveda está situado no municipio de Chapela que pertence ao Concello de Redondela.

Ten unha singularidade especial e é que, a pesar de pertencer ao Concello de Redondela é limítrofe co Concello de Vigo e, polo tanto, queda un pouco en terra de ninguén cos prexuízos que esto causa á hora de contar coa colaboración das institucións locais.

En canto ás infraestructuras do propio colexio, é un edificio moi antigo, con aulas que non están adaptadas ás novas metodoloxías que se están impoñendo (Steam, ABP, ABJ,...), cunha rede WIFI pouco eficaz e con moitos puntos cegos, con pouco illamento tanto acústico como térmico,....

Como contrapartida, o centro conta cun equipo directivo novo que está moi motivado e que está facendo cambios moi significativos.

Algúns destes cambios son:

- Apostar polas novas tecnoloxías mediante o uso de tablets nas aulas.
- Adicar tempo ao ensino da informática, tanto en infantil coma en toda a primaria.
- Diversificar espazos: Ao ser este centro moi antigo contaba con aulas destinadas a laboratorio, taller,... e agora esas aulas están sendo rediseñadas para ser utilizadas como aulas de usos múltiples, Art, ... e para intentar que, na medida do posible, haxa máis dun profesor nas aulas.
- Cambio na metodoloxía, optando por procedementos máis manipulativos, tanto nas linguas como nas ciencias.
- Integración de todo o proceso educativo de centro con especial atención ao uso das novas tecnoloxías como parte do mesmo.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- O noso centro, como marca a normativa "**Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación**" engloba dúas etapas da educación básica (educación infantil e educación primaria) gratuítas para todas as persoas. O plan dixital entra de cheo no artigo 5

desta lei onde fala de que “preparará aos alumnos para aprender por si mesmos”, utilizando as novas tecnoloxías como unha ferramenta de apoio para esta auto aprendizaxe.

- Segundo a “**Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022**” o noso Plan Dixital entra de cheo en determinados aspectos do currículo, como por exemplo, favorecer o pleno desenvolvemento de todo o alumnado, o emprego de metodoloxías didácticas e recursos que permitan o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de forma presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Tamén incide na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

O noso Plan Dixital tamén incide no reforzo da comunicación do profesorado coas persoas proxenitoras do alumnado ou persoa que desempeñe a súa representación legal.

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar o noso Plan Dixital, comezamos coa creación dun grupo de traballo formado por 5 mestres dos claustros, cun coordinador (Xurxo Cobelas) que tivo que ser substituído xa que pasou a formar parte da rede Adix do Plan Dixital, polo que a nova coordinadora do grupo de traballo a partir dese momento pasou a ser a directora Nerea Fernández.

Unha vez organizado o noso grupo de traballo, tivemos unha reunión inicial onde establecimos o plan de acción que íamos a levar a cabo durante o curso, no que cada tarefa plantexada desde Servizos Centrais sería dirixida por unha persoa do grupo e sería completada coa axuda do resto do equipo do Plan Dixital. Deste xeito nos aseguramos que o traballo é cooperativo e que todo o grupo participa na mesma medida. Todo isto sempre baixo a supervisión da coordinadora do noso Plan Dixital.

A partir deste momento, a realización das distintas tarefas plantexadas desde a administración foi sobre rodas, sendo completadas en tempo e forma segundo as directrices proporcionadas polo noso Mentor Adix do Plan Dixital.

Destá forma, realizamos o test Selfie, no que tivemos facer un labor de motivación para que fose realizado pola maior cantidade posible tanto de profesorado como de alumnado.

Logo pasamos a realizar o test CDD, na que o labor de motivación foi o mesmo que no apartado anterior.

Posteriormente, realizamos a matriz DAFO para detectar os puntos débiles e fortes do noso centro educativo.

Unha vez tivemos toda esta información, plantexamos os obxectivos que nos marcaríamos de cara ao vindeiro curso no Plan de Acción.

E, por último, pasamos a redactar o noso Plan Dixital para ter un documento marco que sexa a nosa folla de ruta no ámbito tecnolóxico de cara aos vindeiros cursos académicos.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O noso centro conta cunha rede Ethernet cunha velocidade de subida de 48.4 Mbps e cunha velocidade de baixada de 850 Mbps Tamén conta cunha recentemente modificada rede Wifi, coa instalación da rede edu.xunta que ten unha velocidade de subida de 24Mbps e unha velocidade de baixada de 160 Mbps.

Así mesmo, contamos con conexión á rede Ethernet en todas as aulas e cunha aula de informática na que existen 20 puntos de acceso á rede cableada.

- En canto ao equipamento dispoñible, o noso centro non está dentro do proxecto Edixgal, polo tanto os recursos que dispoñemos son bastante limitados en cando ás novas tecnoloxías.

Contamos cun ordenador de sobremesa en cada aula, con conexión a internet.

Tamén contamos con pizarra dixital en todas as aulas, excepto na aula de música, aula de pt e al.

Temos unha aula de informática con 10 postos formados por ordenadores de sobremesa aos que o curso pasado cambiamos os discos duros sólidos por uns SSD para prolongar a súa vida útil, aínda que algúns deles dan bastantes fallos.

Dispoñemos, así mesmo, dunha pequena aula móbil formada por 14 tablets con sistema Android que nos permiten dividir as clases de informática, quedando a metade do alumnado na clase coas tablets e a outra metade acudindo á aula de informática para traballar cos ordenadores de sobremesa.

Na biblioteca contamos con tres postos con tres ordenadores de sobremesa, aínda que a maioría das veces utilizamos a aula móbil para realizar traballos de procura de información.

Na sala de profesorado contamos tamén con tres postos e o equipo directivo conta cos seus propios equipos de sobremesa para as tarefas de xestión.

Todos os ordenadores mencionados teñen sistema operativo Windows, sendo a versión 7 a que prevalece case na súa totalidade.

- En canto aos servizos dixitais educativos, o noso centro utiliza a páxina web oficial (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalexandreboveda>).

Tamén temos unha conta de Twitter (<https://twitter.com/AngorenCole>) e tamén dispomos dunha conta de Instagram que abrimos este ano (https://www.instagram.com/ceip_alexandre_boveda).

Utilizamos estas tres ferramentas para dar a coñecer ás familias a realidade diaria do noso centro. Para que estean informados das actividades e do traballo que os seus fillos fan cando están no colexio.

Se falamos de comunicación directa coas familias, utilizamos a ferramenta corporativa AbalarMobil, xa que consideramos que é necesario profesionalizar o noso labor como docentes e a utilización por parte de todo o profesorado desta ferramenta corporativa servenos para amosar uniformidade de criterio e tamén para formalizar as mensaxes.

Tamén estamos utilizando a aula virtual, sobre todo nos cursos superiores (2º e 3º ciclo de primaria)

- A xestión do mentemento do equipamento do centro é levada a cabo por unha empresa externa que temos contratada que nos resolve as incidencias puntuais que van aparecendo: ordenadores que deixan de funcionar, descalibración de pizarras dixitais, conexión de impresoras, conexión de equipos á rede,
- Protocolos relacionados coas Tic:

Plan de continxencia: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalexandreboveda/node/659>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Incluímos a información do Resumo das Áreas do Informe Selfie.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	3.5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	3.9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	3.9				

Test CDD: Incluímos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 así como o recollido na táboa 1.3 de dito test.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	5	12	41.7%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	5	8	62.5%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,9	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	69,8	Integrador (B1)	66,2	Integrador (B1)
Pri	69,2	Integrador (B1)	77,3	Integrador (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	5	33,3%
B1	8	53,3%
B2	1	6,7%
C1	0	0%
C2	1	6,7%
TOTAL	15	100,00%

Outras fontes: As únicas fontes a maiores que utilizamos para a realización do DAFO foron os datos proporcionados pola nosa experiencia no centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe Selfie, do Test CDD e da propia experiencia do profesorado do centro confeccionamos esta análise DAFO na que se poñen de manifesto os aspectos que temos que tentar mellorar e aqueles que debemos conservar para que o noso colexio vaia na dirección correcta.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
ORIAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispositivos dixitais do alumnado Aulas espaciais e funcionais Adquisición de dispositivos tecnolóxicos (tablets)	O usa da aula virtual quedou estancada logo da pandemia. Non se está traballando con tecnoloxías innovadoras

		como a robótica ou a impresión 3D
PERSOAL DOCENTE	Colaboración do profesorado nas actividades do Proxecto Documental Integrado de centro. Incremento da participación nos programas de formación	Falta de comunicación Pouco tempo para a organización persoal e colaborativa do profesorado Necesítase fomentar a creatividade tanto do profesorado como do alumnado.
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	Implicación e colaboración do alumnado	Necesítase fomentar a creatividade do alumnado
FAMILIAS	Comunicación permanente entre o profesorado e as familias	
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Equipo directivo novo e con moita motivación Preocupación polo desenvolvemento persoal do profesorado	Equipo directivo con pouca experiencia Non hai unha estratexia dixital establecida Faltan proxectos interdisciplinares

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O novo equipo directivo ten ideas novidosas que poden potenciar o noso centro. A ratio profesor/alumno é idónea para o traballo. Ao ser un centro antigo ten aulas que se poden readaptar ás novas metodoloxías: antigos laboratorios	A infraestrutura do centro ten as súas limitacións ao ser un centro antigo Equipo dixital insuficiente Apoio técnico limitado
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	O centro basea o seu traballo nun proxecto documental integrado moi potente no que participa toda a comunidade educativa	Elevada competencia: moitos centros nunha área relativamente pequena Diminución dos nenos en idade de escolarización
	ANPA	A comunicación coa comunidade educativa é moi fluída	Baixa competencia dixital das familias
	OUTRAS ENTIDADES	O Concello colabora co centro en determinadas actividades de coñecemento da contorna	A situación do centro, limítrofe entre os concellos de Vigo e Redondela fai que en determinadas ocasións quede un pouco esquecido por parte das institucións.

3. Plan de Acción

Unha vez realizado o informe DAFO, onde se poñen de manifesto tanto aqueles aspectos que temos que mellorar no noso centro, como aqueles que debemos manter ao contar cunha boa valoración por parte da comunidade educativa, chega o momento de establecer os obxectivos tecnolóxicos que abordaremos de cara ao vindeiro curso.

Estes obxectivos quedarán plasmados, dentro do Plan Dixital, nas táboas do Plan de Acción. Ademais dos citados obxectivos, incluiremos tamén as accións que imos a levar a cabo para acadar eses obxectivos así como uns indicadores numéricos que nos simplificarán a tarefa da avaliación.

Á hora de seleccionar os obxectivos que imos a incluír no Plan Dixital, tivemos en conta tres factores:

- O equipamento co que contamos neste momento e as necesidades futuras atendendo ao cambio metodolóxico que pretendemos iniciar no noso centro.
- As posibilidades tanto tecnolóxicas como de infraestrutura do noso centro.
- A motivación do profesorado cara á inclusión de novas tecnoloxías e formación nas mesmas.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez realizada a análise DAFO decatámonos de que había certos aspectos no noso centro que era preciso mellorar no ámbito das novas tecnoloxías. Logo de analizar ditos aspectos (debilidades) establecimos unha orde de prioridade baseada nos seguintes criterios:

- Posibilidade de éxito do obxectivo
- Porcentaxe de alumnado e profesorado que se beneficiará
- Tempo investido para a súa consecución
- Áreas de mellora prioritarias
- Repercusión na comunidade educativa

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No noso centro, a necesidade de equipamento ven determinada por un dos obxectivos marcados no noso Plan de Acción no que pretendemos cambiar a nosa aula de informática, transformándoa nun espazo multidisciplinar adaptado ás novas correntes metodolóxicas (incluídas tamén na lei de inminente implantación: LOMLOE) que falan de espazos STEAM nos que poder traballar distintas materias dun xeito competencial.

Por este motivo, a nosa idea é dotar a este espazo de tecnoloxías novidasas e motivadoras (impresión 3D, robótica,..) que fagan da experiencia de aprender algo divertido na que os alumnos sexan os verdadeiros protagonistas e non meros espectadores.

Para aproveitar todo este material tamén incluímos como obxectivo a formación do profesorado nestas novas tecnoloxías.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos. C1: Infraestrutura						
OBXECTIVO 1 (1):	Modificar a aula de informática para convertela nunha aula multidisciplinar STEAM				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación dunha aula STEAM					
Valor de partida (3)	Non temos aula STEAM					
Valor previsto e data (4)	1 aula STEAM creada			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Solicitar á Consellería a dotación necesaria para equipar a aula STEAM	Dirección	31/10/2022	Solicitude		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Recibir o material solicitado	Dirección	20/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Preparar a aula actual de informática para colocar o material recibido	Dirección e profesorado	20/06/2023	Ferramentas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo. D1: Necesidades de DPC							
OBXECTIVO 2: (1)	Formar ao profesorado do centro no uso de novas tecnoloxías motivadoras para o alumnado					Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de cursos de formación de novas tecnoloxías motivadoras nos que participa o profesorado do centro						
Valor de partida: (3)	O cursos de tecnoloxía motivadora						
Valor previsto e data: (4)	1 curso de tecnoloxías motivadora				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1:Reunir ao profesorado do centro para definir a temática do curso que se vai a solicitar ao CFR de Vigo	Claustro do centro	30/09/2022	Sala de xuntas			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2:Solicitar ao CFR de Vigo a formación no curso seleccionado.	Coordinador TIC	31/10/2022	Solicitude			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3:Participar no curso de formación	Claustro do centro	31/05/2023	Reunións			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.4:Realizar a valoración da competencia dixital adquirida e da idoneidade do curso.	Claustro do centro	20/06/2023	Memoria do curso			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** realizaremos unha avaliación trimestral do estado dos obxectivos marcados.

Os aspectos que valoraremos mediante unha rúbrica serán os seguintes:

- Estado da execución das accións marcadas
- Análise e valoración dos resultados obtidos ata o momento da avaliación procesual.
- Posibilidade de incluír modificacións nas accións propostas por mor de dificultades na súa consecucións ou por adaptalas a novas necesidades xurdidas durante o curso.

- A **avaliación final** realizarase ao terminar o curso 2022/2023 e dita avaliación terá en conta os seguintes aspectos:

- Valoración do logro dos obxectivos marcados.
- Propostas de mellora de cara ao curso seguinte.
- Posibilidade de ampliación dos obxectivos acadados este ano.

5. Difusión do plan

O noso Plan Dixital será difundido a toda a comunidade educativa mediante a páxina web oficial do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalexandreboveda/>

Tamén utilizaremos a rede AbalarMobil para compartir dito plan de xeito directo con todas as familias.